

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 2024/0022

En Ribeira de Piquín, a 11 de abril de 2024.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación dun traballador cualificado para a acuicultura, como persoal temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL “TERREO”.

De conformidade co expediente de provisión dun traballador cualificado para a acuicultura, como persoal temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución da Presidencia núm. 2024/0017, de data 1 de abril de 2024.

Visto que con data 4 de abril de 2024 se publicou anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 078, comezando a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Analizadas as solicitudes presentadas e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/as seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
García García, Julio	***3467**	SI

LISTA DE EXCLUÍDOS:

Ninguén.

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Sandra Teijeira López, Administradora do Obradoiro de Emprego O Castro VIII do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira

de Piquín (Lugo).

Secretaria: A Secretaria da Fundación Municipal Terreo, Dna. Pilar Tella Mazoy, ou persoa en quen delegue.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o 18 de abril de 2024, ás 13:00 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes admitidos para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 13:30 horas do día 18 de abril de 2024. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederáse seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ao Patronato da Fundación municipal "TerrEo" na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 11 de abril de 2024. Do cal como Secretaria, Dou Fe.

Asdo.: D. Roberto Fernández Rico,
Presidente.

Asdo.: Dna. Pilar Tella Mazoy,
Secretaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE